

PROVIDENCIA

1. O 8.01.2020 don AAAAA, don BBBB, don CCCCC e Dona DDDDD como socios do coto de caza de ZZZZZ presentan un escrito no que expoñen que o 29 de setembro de 2019 lles impediron inscribirse na cuadrilla para o exercizo da caza vulnerándose os seus dereitos como socios. Solicitan que se proceda á apertura dun expediente sancionador contra o Coto de Caza de ZZZZZ.

2. A análise do contido do que se denomina en dito escrito como “queja ante ese comité” permite apreciar que se ben se insta que se inicie un procedemento sancionador se sinala como causa unha posible vulneración dos dereitos dos asinantes “por constar dentro de esta sociedade deportiva como socios con derecho a la participación nunha cuadrilla de la batida de caza de jabalí”.

3. Este Comité na súa reunión de data 29 de xaneiro de 2020 considerou que as cuestións plantexadas no citado escrito presentan unha natureza interna propia da relación existente entre a entidade asociativa e os dereitos e obrigas derivados da condición de membros da mesma, sen que este Comité de Xustiza Deportiva teña competencia para intervir nun ámbito privado xa que como órgano administrativo ten a obriga legal de actuar sempre no ámbito estricto das súas competencias que non alcanzan a resolver conflitos de índole interna como os que se relatan e que tiveron lugar, según se manifesta, o 29 de setembro de 2019.

En consecuencia, este Comité, na súa reunión do día 29 de xaneiro de 2020 acordou inadmitir a trámite a solicitude de iniciación dun procedemento sancionador interesada no citado escrito de 8 de xaneiro de 2020 asinado por don AAAAA, don BBBB, don CCCCC e Dona DDDDD na súa condición de socios do coto de caza do ZZZZZ.

Contra esta providencia pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

D. XXXXXXXXX, secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2020 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2020